


GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



GAL

XV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS CIDADE DA CULTURA. #EAN15

Do 24 ao 28 de agosto de 2025
Santiago de Compostela



**XUNTA
DE GALICIA**



XV ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS CIDADE DA CULTURA | #EAN15

#EAN15

Do 24 ao 28 de
agosto de 2025

Gaiás, Cidade da
Cultura

Santiago de
Compostela

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por décimo quinto ano consecutivo nun espazo de encontro onde creadores e creadoras emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no *XV Encontro de Artistas Novos*, #EAN15, que se celebrará do 24 ao 28 de agosto de 2025 na Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela, coordinado unha edición máis por Rafael Doctor.

O *Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura'* busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes de Galicia e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto os e as participantes con axentes do sector de eidos como a crítica e o comisariado, que participan no encontro como *art followers*. Como cada ano, o EAN traerá ao Gaiás a artistas cunha traxectoria recoñecida, como Ana de Alvear, Yoseba MP, Jana Leo, Juana González e Sergio Marey para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor do mundo da arte.

Cada participante do EAN15 realizará unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, que servirá de plataforma e escaparate das súas creacións.

O *XV Encontro de Artistas Novos* conta cun total de 40 prazas ás que poden optar persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos, tanto estudantes e graduados/as en Belas Artes ou afíns, como todas aquelas persoas que demostren unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada en anteriores edicións do EAN, dez das 40 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que as demais persoas candidatas. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas de diferentes xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza no EAN15 inclúe matrícula, estancia en réxime de pensión completa e transportes diarios desde Santiago ata a Cidade da Cultura.

No marco do EAN, realizarase ademais unha convocatoria de residencia artística, que se detallará durante o desenvolvemento do Encontro.

O *XV Encontro de Artistas Novos* está organizado pola Xunta de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.



PROGRAMA

XORNADA BENVIDA

Domingo, 24 de agosto de 2025

17:00-20:30 h. Recepción de participantes
21:00 h. Cea de benvida

XORNADA I

Luns, 25 de agosto de 2025

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00h. Benvida institucional e percorrido pola Cidade da Cultura
12:00-14:00 h. Presentación artista convidada: Ana de Alvear
14:00-16:00 h. Xantar
16:00-17:30 h. Foro Aberto I
17:30-18:00 h. Descanso
18:00-19:30 h. Foro Aberto II
21:30 h. Cea

XORNADA II

Martes, 26 de agosto de 2025

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00 h. Foro Aberto III
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto IV
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-18:00 h. Presentación artista convidado: Yoseba MP
18:00-20:00 h. Foro Aberto V
21:30 h. Cea

XORNADA III

Mércores, 27 de agosto de 2025

09:00 h. Almorzo
10:00-11:00 h. Presentación artista convidada: Jana Leo
11:00-12:00 h. Foro Aberto VI
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto VII
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-17:30 h. Foro Aberto VIII
17:45-19:30 h. Presentación artista convidada: Sergio Marey
21:30 h. Cea

XORNADA IV

Xoves, 28 de agosto de 2025

10:00 h. Almorzo
11:00 - 12:00 h. Presentación artista convidada: Juana González
12:00 - 12:30 h. Presentación do proxecto gañador do Concurso de intervencións artísticas nas Torres Hejduk do EAN14
12:30 -13:00 h. Peche e entrega de diplomas
13:00 h. Inauguración do proxecto gañador do Concurso de intervencións artísticas nas Torres Hejduk do EAN14

BIOGRAFÍAS

DIRECCIÓN:



RAFAEL DOCTOR RONCERO

HISTORIADOR DA ARTE,
ESCRITOR, COMISARIO E
XESTOR CULTURAL

En 1998 crea e dirixe a revista *Apartado 14.479* e comeza a colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 está a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde pon en marcha as *Jornadas de Estudio de la Imagen de la Comunidad de Madrid*, que dirixe nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asume a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises. En torno al arte español contemporáneo* e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 pon en marcha e dirixe o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León.

Comisaria a *Noche en Blanco* de Madrid en 2009 e en 2010 a *Noche de la Luna Llena* de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 é director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o *Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura*.

En todos estes anos imparte numerosas conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e é xurado dos premios máis importantes de arte nacionais así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibe a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixe a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Durante o período de 2017 a 2019 é director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF, de Almería.

Na actualidade traballa como comisario independente, imparte cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador e director da editorial Los Doscientos, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía. Ademais, é fundador da plataforma Capital Animal desde a que se tenta unir a cultura, a arte e o pensamento ao redor da loita animalista.

ARTISTAS:



ANA DE ALVEAR

MADRID, 1962

Ana de Alvear utiliza arquetipos centrándose

especialmente na autoestima e o seu desenvolvemento, co fin de facilitar a identificación ou provocar o rexeitamento no espectador; véndose este abocado a ter que superar as súas reticencias e chegar, deste xeito, ao coñecemento da súa propia identidade.

A través de contos visuais convida as persoas espectadoras a atopar os límites de si mesmas, tendo a oportunidade de "moverse" da súa contorna habitual ou zona de confort. Tamén de reflexionar sobre os seus propios prototipos visuais e os seus arquetipos respecto ao "infantil" ou ao "adulto", e resolver este paradigma de forma individual.

Axustándose especificamente a cada espazo, a experimentación de novos materiais, soportes e medios xogan un papel fundamental nas súas instalacións multidisciplinares interactivas, sendo parte do diálogo.

O seu traballo pictórico *Erase una vez... y ahora que*, no que se cuestiona o futuro da natureza, foi exposto en Museos de Ciencias Naturais e Xardíns Botánicos onde o público de calquera idade podía reflexionar sobre a súa responsabilidade con respecto a xeracións futuras.

Especializada en debuxo de gran formato, as súas Galaxias de 3 x 7

BIOGRAFÍAS

metros foron exhibidas en varias ocasións en espazos como o Centro de Arte Alcobendas (Madrid), a Catedral de Cuenca, o Museo de Arte de San Diego (EEUU) e a feira internacional de Abu Dhabi.

Desde 1997 colabora con compositores de música clásica contemporánea, polo que parte da súa obra está relacionada con producións de música de vangarda nun labor pioneiro en concertos multidisciplinares estreando varios concertos no Auditorio 400 do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía en Madrid, así como noutros moitos en todo o mundo.

En 2006 funda VIVA (Vital Internacional Video Art), un espazo de encontro itinerante onde artistas internacionais puideron atopar ata 2014 un punto de reunión, creando unha rede expositiva en todo o globo, en colaboración con comisarios, galerías, institucións, fundacións e coleccións privadas.



JUANA GONZÁLEZ

PUERTOLLANO, CIUDAD REAL, 1972

Licenciada en Bellas Artes por la Universidad Complutense de Madrid en 2005, Juana González desarrolla su trabajo en el terreno de la pintura y el dibujo.

Sus trabajos pictóricos, generalmente de gran formato y de composiciones complejas, transitan entre la figuración narrativa y el expresionismo.

Su obra ha sido exhibida en diferentes espacios institucionales como la Sala Robayera (Cantabria), el Centro de Arte Alcobendas, la Iglesia Santa Catalina de Badajoz, el Museo de la Universidad de Alicante o el Musée des Beaux-Arts de La Chaux-de-Fonds en Suiza.

Ha participado en distintas ferias de arte como ARCO, UNTITLED, PINTA (Miami), Estampa, Urvanity, JustMad o Drawing Room.

Su obra forma parte de colecciones como Colección Solo, Colección Oliva Arauna, Colección Gobierno de Cantabria, KELLS Art Collection, Museo de Arte Contemporáneo MMAC Ayto Madrid, o la Colección Fernando Centenera, entre otras.



JANA LEO

MADRID, 1965

O tema principal de Jana Leo como artista é o corpo, ben como

signo de identidade, elemento político ou foco da relación co outro e co momento presente no día a día. A súa obra está vencellada a repensar o valor da fotografía como documento afectivo e gran parte da súa traxectoria caracterízase por ten unha componente de xénero e por empregar o autorretrato.

Jana Leo empeza na fotografía desde a filosofía. Nunha primeira época nos anos 90 comeza con *Impuros*, comisariada por Rafael Doctor Roncero; segue con *Colecciona un cuerpo* e *Cabina Privada* en Buades; funda *El Caballito* con Pedro López Cañas e

Agustín Martín Francés e exhibe A. no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, comisariada novamente por Rafael Doctor Roncero.

Motivada polo seu crecente interese na instalación en lugar de só a fotografía plana, en 1997 trasládase a Princeton para cursar un master de arquitectura e, tras iso, en 2000, a Nova York onde é profesora de conceptos avanzados de arte e arquitectura.

As súas seguintes instalacións son *El Intruso* no ICP (International Center For Photography) e a instalación *Habitación de violación* en ARCO.

En 2004 publica un ensaio sobre a fotografía *El Viaje sin Distancia* e en 2008 *Rape New York*, que se traduce ao español como *Violación Nova York* en 2017.

En 2016 realiza *Problemas de trabajo*, onde retrata a persoas cos días que levan desempregadas e en 2018 *No Violarás*, audiovisuais ao redor da deconstrución da imaxe de violación como sexo consentido que presenta na Neomudejar en 2018.

En 2019 reside na Academia de Roma con *Retratos de la post-ideología, la relación de confianza entre el individuo y el estado* e o estado e realiza os vídeos: *Salone, Oficina* ou *154 Bofetadas*.

En 2024 comeza *El cuerpo presente*, usando a fotografía para reconciliar a imaxe coa presenza, e publica o libro *Mamá está muerta, pero la vamos a curar*, un arquivo das 132 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas homes na Comunidade de Madrid entre 1999 e 2020.

BIOGRAFÍAS

Vive entre Madrid, Nova York e Ferrol onde ten o seu estudio desde 2022.



YOSEBA MP

CAMBRE, A CORUÑA,
1984

Pintor e muralista galego, a súa

obra destaca por un estilo realista con toques surrealistas e unha forte influencia fotográfica. O seu enfoque artístico combina a arte urbana co retrato tradicional, dando como resultado imaxes impactantes que renden homenaxe á identidade e a cultura galega.


Desde mozo mostrou interese pola arte e comezou no mundo do grafiti aos 14 anos. Co tempo, perfeccionou a súa técnica e decidiu estudar Belas Artes, consolidando así a súa formación no ámbito pictórico. Aínda que traballou en distintos formatos, a súa especialidade son os murais de gran formato, os cales levaron a súa obra a rúas e edificios de múltiples cidades e vilas.

Un dos seus proxectos máis emblemáticos é *Fenómenos do rural*, unha serie iniciada en 2012 na que retrata a mulleres maiores de zonas rurais galegas como superheroínas. Estas obras, que combinan humor, tenrura e realismo máxico, buscan resaltar a importancia das mulleres na vida

rural, reivindicando o seu esforzo e fortaleza nunha sociedade que moitas veces as invisibiliza.

Yoseba MP participou en numerosos festivais e certames de arte urbana dentro e fóra de Galicia. O seu talento foi recoñecido con varios premios, entre eles o Premio Novos Valores da Deputación de Pontevedra en 2009 pola súa obra *Juancho e os seus Cans*. Ademais, o seu traballo foi exposto en galerías e espazos culturais, consolidándose como un dos artistas contemporáneos máis representativos da pintura mural en España.

Máis aló da estética, a súa obra ten unha profunda carga simbólica e social, abordando temas como a memoria, a identidade e a transformación da contorna rural. Os seus murais non só embelecen os espazos públicos, senón que tamén xeran reflexión e diálogo na comunidade. Grazas ao seu enfoque próximo e comprometido, Yoseba MP logrou converter a súa arte nunha ferramenta de reivindicación cultural, dando voz a personaxes e tradicións que forman parte da alma de Galicia.



SERGIO MAREY

POL, LUGO, 1997

Sergio Marey provén dunha

familia labrega e hostealeira, do concello da montaña lucense Pol, que lle deu un continuo e invaluable contacto co rural galego. Esa cercanía guía a súa actual relación coa arte baixo unha visión política e social de Galicia. É tan estreita esta relación que non concibe a súa actividade como algo alleo, senon como un axente que se interrelaciona co resto, o que provoca en sí cultura.

Esta posición leva a Marey a unha comprensión diferente das artes, variadas e populares, que se encontran ameazadas por causa do descoñecemento, a apropiación e o maltrato continuo. Busca facer pensar e recapacitar sobre os diversos aspectos que tocan a nosa sociedade, especialmente aqueles que teñen a ver coa identidade e a diversidade de xénero e sexual, amosando ao mesmo tempo a riqueza cultural de Galicia.

Deste xeito, a memoria é a principal ferramenta da súa practica artística, que traslada á instalación, á performance, ao vídeo ou a arte sonora. A través destes eidos desenvolve diferentes proxectos de carácter interdisciplinar e social que amosa en espazos como a Fundación Joan Miró, o Museo Reina

BIOGRAFÍAS

Sofía, o CGAC, a Trienal de Sarria, a Universidade de Buenos Aires ou a Fundación Eugenio Granell; tamén en festivais de cine como o QueerPorto (Portugal) ou o Athenes Fashion Film Festival (Grecia); e a gañar premios como o 1º Premio de Artistas Novos do Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela; e participar de residencias como as Paraíso, as REGA ou o Encontro de Artistas Novos.

Destaca o seu labor na curadoría e a xestión cultural realizando proxectos para o Museo Provincial de Lugo, a Deputación da Coruña, o Festival Intersección ou a Universidade de Santiago de Compostela. Dirixe a galería Solaina e co-organiza a Feira de Fanzines Vaia Vaia (Lugo) e as Residencias Artísticas bianuais *Ao Caraño!* (en Pol).

Son da súa autoría o poemario *Escordadura Sentimental*, o ensaio *Rural e Tradición, un fogar en igualdade* e a biografía da activista LGBTIQA+ Trinidad Falcés, *É mellor loitar que morrer de fame*.

ART FOLLOWERS:



JAVIER DÍAZ- GUARDIOLA

MADRID 1976. PERIODISTA
Y COMISARIO DE
EXPOSICIONES

Javier Díaz-Guardiola (Madrid, 1976), es licenciado en Periodismo por la Universidad Complutense de Madrid. Se inició profesionalmente en la Agencia EFE y el diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicaciones culturales como Turia. Coautor del libro *Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid* (CAM, 2007) e *Intransit. Un laboratorio universitario de creación* (Ediciones Complutense, 2019), así como autor de numerosos textos para catálogos.

Ha sido comisario de *Circuitos'08*, el programa de promoción de arte joven de la Comunidad de Madrid; *En proceso: disculpen las molestias* (galería Raquel Ponce, 2010); *Matar al mensajero. Jóvenes artistas y medios de comunicación de masas* (Galería Fernando Pradilla, 2013); *Yoknapatawpha*, de Blanca Gracia, en Espacio Sin Título (2014-2015), *Courant*, con María Chaves y Jan Mathews en Factoría de Arte y Desarrollo (2020), *Vivimos el mejor de los tiempos. Estamos empezando a construir el Paraíso* (Palacio de

Santoña. Madrid) y *¿Puedo dar de comer a los monos de Gibraltar?* (Espacio Sin Título. Cano Estudio. Madrid), ambas de Aljoscha junto a La Bibi Gallery (2021), y *Bodegones plastificados*, de Alejandro Calderón, en galería Estampa (2022).

De la misma naturaleza, pero fuera del cubo blanco, destacan los proyectos comisariados con las redes sociales como base de operaciones, donde sobresalen "La familia Real. Al sol del membrillo", con el que se instaba a los artistas que quisieran colaborar a realizar un auténtico retrato de la Familia Real low-cost, en 24 horas y muy por debajo del presupuesto del pagado a Antonio López para su *Familia de Juan Carlos I*, y siete ediciones de *Alégrame esas pascuas* (2016-2022), en un deseo de resucitar la tradición de felicitar las fiestas navideñas a través de felicitaciones artísticas. Las tres últimas últimas se culminaron con una exposición de 24 horas en Factoría de Arte y Desarrollo, con el apoyo en 2018 de Gunter Gallery.

En la actualidad coordina las secciones de arte, arquitectura y diseño de ABC Cultural y es redactor-jefe de ABC de ARCO, la revista oficial de la feria de arte contemporáneo de Madrid. Es autor del blog de arte contemporáneo *Siete de un golpe*.

BIOGRAFÍAS

ART FOLLOWERS:



SARA DONOSO

COMISARIA Y GESTORA CULTURAL

Sara Donoso es comisaria y

gestora cultural. Es doctora en Historia del Arte por la Universidad de Santiago de Compostela (USC) y cuenta además con estudios de grado en Bellas Artes en la Facultad de Pontevedra y dos máster: Máster en Arte, Museología y Crítica Contemporáneas y Máster en Estudios de la Literatura y la Cultura, ambos de la USC.

Centra su carrera en dinamizar la cultura y el arte a través de textos, proyectos didácticos y exposiciones. Desarrolla actividades de mediación y comisariado para instituciones como la facultad de Bellas Artes de Pontevedra o el CGAC o el Centro Gallego de Arte Contemporáneo de Santiago de Compostela. También ha colaborado con organismos como la Fundación DIDAC (Santiago de Compostela), la Fundación Rac Arte Contemporánea (Pontevedra) o la Fundación Artesanía de Galicia. Actualmente se encarga de la programación expositiva de la Sala Alterarte del Campus de Ourense (Universidad de Vigo) y entre sus últimas exposiciones destacan *Formas propias. Diseño para la innovación en Galicia* (co-comisariado con David Barro en la Fundación DIDAC), *Atrezo-territorio. Christian Villamide* (Galería Marisa

Marimón, 2022) y el proyecto *Una mirada a Galicia. Colección CGAC*, tres muestras colectivas que revisan los veinte últimos años del arte en Galicia a través de la colección de esta institución (2021-22).

Como crítica, ha colaborado con medios como Transit, Fotocinema, Otros Cines Europa, Radio Gallega (CRTVG), Luzes u Obradoiro de Artesanía. Entre sus publicaciones destacan la serie En tránsito. Entrevistas a ex-alumnado de la Facultad de Bellas Artes (2020-23), Miradas cruzadas (2019) o Paisaje y pintura en el audiovisual gallego contemporáneo (2016). Fue reconocida con el Premio Talento Mozo en la modalidad de Cultura y Creación, otorgado por la Xunta de Galicia (2020).



MARTÍN MONICHE

XORNALISTA, COMUNICADOR E XESTOR CULTURAL

MMálaga (1977). Licenciado en Periodismo

por la Universidad de Málaga, es especialista en Comunicación y Gestión Política por la Universidad Complutense de Madrid. Gestor y agitador cultural, actualmente es programador cultural de La Térmica, Centro de Cultura Contemporánea de la Diputación de Málaga; de la que es miembro fundador. Ha desarrollado programaciones en el área

de Cultura y Educación de la Diputación de Málaga, destacando sus novedosas propuestas para los ciclos de música del Centro Cultural Provincial y para festivales como Ojeando festival o Los Álamos Beach Festival. Ha participado en iniciativas ciudadanas tales como Neoateneo, el grupo joven del Ateneo de Málaga o la Plataforma Ciudadana por el Mercado de las Artes. Colaborador habitual en medios de comunicación como La Opinión de Málaga y Diario Sur, actualmente participa semanalmente con 101tvAndalucía como codirector y copresentador del programa de cultura y entretenimiento *Holi!*. DJ, artista y cantante ocasional.



EDUARDO VALIÑA

ARTISTA Y COMISARIO DE EXPOSICIONES INDEPENDIENTE

Licenciado en

Historia del Arte por la Universidad de Santiago de Compostela. Artista y comisario independiente. Durante los años 2001, 2002 e 2003 es co-comisario del *Proyecto Procesalia* para la USC en el que participan artistas e instituciones gallegas, nacionales e internacionales. Asesor artístico y coordinador de la galería Espacio 48 durante los años 2002-2006. Dirige, comisaría y coordina durante los años 2001-2006 la Bienal SACO Arte Contemporánea para el Ayuntamiento de Sarria, Lugo.

BIOGRAFÍAS

Realiza comisariados en otras instituciones como Fundación Eugenio Granell, CGAC, Cidade da Cultura de Galicia, Fundación Luís Seoane, Museo provincial de Lugo, Cultura Cádiz – Castillo de Santa Catalina, Centro Cultural Marcos Valcárcel, etc. Coordina proyectos en instituciones como en el Museo de arte contemporáneo Esteban Vicente de Segovia o la Fundación Caja Burgos, entre otras. En la actualidad trabaja como Conservador jefe de la Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela.

Comienza a exponer a finales de los noventa, centrando su discurso en torno a la identidad, la cultura rural, el paisaje humano y el territorio y participando en diversas exposiciones individuales y colectivas, tanto en Galicia como a nivel nacional, así como en Portugal, Cuba, Bruselas, Rumanía... Destacan las exposiciones *O espectáculo da periferia* para el Museo Barjola de Gijón y la Casa da Parra de Santiago de Compostela en el 2009; *Páramo* en el Museo provincial de Lugo en 2004; *Palafitos y Vender parcelas de ceo* en el coro de la Iglesia de la Universidad, en los años 2000 y 2001. En 2010 participa en el proyecto de Intervenciones en el medio natural de la Ruta Fiz Vergara Vilariño, en Louzara, Samos, Lugo. Participa en diferentes proyectos de intervención como *Compañías convenientes* para la Fundación Cela, o en distintas ediciones de la Bienal Internacional de arte de Cerveira.

Colabora con diferentes iniciativas culturales, ha presentado sus proyectos en diferentes galerías, instituciones y espacios culturales como DF, Espacio 48, Metro (Santiago de Compostela), Por amor a arte (Oporto), LX Factory (Lisboa), Jääl Photo Madrid, Off Limits (Madrid), O Armacén (Porto), República das artes (Vilanova da Cerveira), o en under the subway video art night (NY), entre otras.



**RUBÉN
D. ALVES
LÓPEZ**

DOCENTE Y DIVULGADOR

Rubén compagina su labor docente en diferentes universidades nacionales e internacionales con su amor por el arte. Esta pasión le llevó a crear hace seis años una cuenta en Instagram, @beninmadrid, como plataforma de promoción y divulgación de todo lo que acontece en la escena artística. En su afán por dar a conocer tanto a artistas emergentes como consagrados queda patente su experiencia en el campo del desarrollo de competencias comunicativas en entornos tecnológicos de información y comunicación.

¿Sabemos comunicar lo que queremos? ¿Puede un elemento audiovisual como una imagen o un vídeo realmente transmitir el concepto, el sentimiento o la

reacción que el/la artista desea? ¿Es realmente necesario e inevitable estar presente en las redes sociales como medio de comunicación de la producción artística? Y en caso de estar presentes, ¿lo estamos haciendo bien? Estas y otras muchas cuestiones son a las que tiene que enfrentarse de forma inexorable y repetitiva cualquier agente del circuito artístico a la hora de comunicar.

BASES DA CONVOCATORIA

OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 40 prazas gratuítas para a participación no "XV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura" que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela **do 24 ao 28 de agosto de 2025**.

CARACTERÍSTICAS

As **40 prazas** terán dous ámbitos de participación:

1. **Autonómico**, mediante o que se concederán un 50% das bolsas a solicitantes nados/as ou residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. **Nacional/Internacional**, no que o 50% das bolsas serán concedidas a solicitantes procedentes de fóra de Galicia (tanto do resto de España coma doutros países).

Dentro do programa do "XV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura" celebrarase o «Foro Aberto», no que os e as participantes terán a obriga de amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos

para a que achegarán o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

DOTACIÓN

Os e as 40 participantes no "XV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura" obterán unha dotación que inclúe:

1. **Matrícula de inscrición**.
2. Estancia en réxime de **pensión completa desde o domingo 24 de agosto ata o xoves 28 de agosto** de 2025 —ambas xornadas inclusive—.
3. **Transportes diarios** ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada unha das persoas seleccionadas estará cuberta por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polas persoas beneficiarias.

CONDICIÓNS

O *XV Encontro de Artistas Novos* conta cun total de 40 prazas ás que poden optar persoas con idades comprendidas **entre os 18 e os 35 anos**.

Reservaranse ata un máximo de **10 das 40 prazas a artistas maiores de 35 anos**, tanto de Galicia como procedentes doutros lugares. A convocatoria é aberta e poderán concorrer a ela tanto estudantes e graduados/as en Belas Artes —e afíns—, como todas aquelas persoas que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico.

Se a solicitude provén dun colectivo, aquelas persoas integrantes do mesmo que quixesen optar a algunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

DOCUMENTACIÓN

Para a obtención dunha das 40 prazas será condición non ter gozado dela en edicións anteriores do Encontro.

A persoa solicitante deberá presentar vía email (encontro.cdc@xunta.gal) a documentación



detallada a continuación, compilada **nun único documento** en formato PDF que inclúa:

1. **Boletín de inscrición.** O boletín pode descargarse en formato pdf na web www.cidadedacultura.gal.
2. **Fotocopia do DNI ou pasaporte.**
3. **Curriculum Vitae** abreviado — máximo 1 páxina—.
4. **Dossier de presentación** do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 páxinas—.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **14:00 horas do venres 23 de maio de 2025**.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

DECISIÓN E PUBLICACIÓN

A listaxe provisional de persoas admitidas será publicada na web www.cidadedacultura.gal o **venres 13 de xuño de 2025**.

FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

As persoas seleccionadas deben aceptar a súa participación vía correo electrónico indicando nome e apelidos e número de DNI ou pasaporte (segundo o sinalado na solicitude) no enderezo encontro.cdc@xunta.gal antes do **venres 20 de xuño de 2025**.

A ausencia desta confirmación será entendida pola organización como de declinación por parte da persoa solicitante e recorrerase á listaxe de suplentes.

A listaxe definitiva publicárase o **luns 23 de xuño de 2025**.

GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES


As persoas seleccionadas que acepten a súa participación aceptan tamén a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no XV Encontro de Artistas Novos supón a aceptación total destas bases. A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

encontro.cdc@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



#EAN15

**XV ENCONTRO DE ARTISTAS
NOVOS CIDADE DA CULTURA**

**Do 24 ao 28 de agosto de 2025
Santiago de Compostela**